



Número 251

VI lexislatura

7 de decembro de 2002

SUMARIO

2. Procedementos especiais de carácter institucional

2.2. Moción de censura

— Moción de censura, presentada por trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixir-lle responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

Doc. núm. 7274

12808

2. Procedementos especiais de carácter institucional

2.2. Moción de censura

Moción de censura, presentada por trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

Doc. núm. 7274

Presidencia

En execución do acordo adoptado pola Mesa o día 5 de decembro de 2002 e para cumpri-lo disposto no artigo 138.3, en concordancia co artigo 65 do Regulamento da Cámara, ordeno a publicación da Moción de censura presentada por trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (doc. núm. 7274).

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2002

José María García Leira


Presidente



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



A Mesa do Parlamento

Os deputados e deputadas abaixo asinantes, do Grupo Parlamentario do BNG, ao abeiro do Regulamento da cámara, presentan a seguinte iniciativa de **Moción de Censura**.

Cando aínda están sin percibir por un sector importante dos mariñeiros afectados, parte das axudas e subvencións da catástrofe do “**Mar Exeo**”, as costas galegas teñen que padecer unha nova traxedia de importantes e graves consecuencias. En primeiro lugar para un número importante de familias que teñen no mar o seu medio de vida e que se verán afectadas de xeito dramático no momento presente e tamén nun futuro de varios anos; en segundo lugar para todo o ecosistema afectado que seguramente padecerá danos irreversibles e outros que tardarán anos en recuperarse, en terceiro lugar para toda a vida e a economía das comarcas afectadas que teñen na actividade derivada do mar o seu soporte fundamental, en fin tamén para a propia economía galega. **Estamos ante un problema de emerxencia nacional.**


Trátase dun acontecemento que por ser dramáticamente recorrente nas costas galegas, debería ter motivado, no pasado, iniciativas diversas por parte dos poderes públicos, para reducir a mínima expresión a posibilidade de que ocorrera. E ter previsto un protocolo e plan de actuación en caso dun siniestro.

As circunstancias de cómo se ten producido a catástrofe do “**Prestige**” poñen en evidencia a responsabilidade dos poderes públicos e, por tanto, da Administración Española e da Galega. É certo que seguramente a responsabilidade inicial estará na



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n, Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orixe de quen permite transitar e utilizar barcos inadecuados para o tipo de carga do “**Prestige**”, pero tamén é certo que en innumerabeis ocasións se ten posto de manifesto que buques de características e carga similares están circulando fronte ás costas galegas sin que saibamos se teñan adoptado, reclamado ou efectivizado iniciativas importantes para impedilo. Así non é de estranar que os mariñeiros e os veciños das comarcas afectadas teñan a sensación e declaren que por desgracia se trata dunha “**catástrofe anunciada**”.


O acontecido coa catástrofe do “**Prestige**” tamen evidencia os escasos reflexos da Xunta de Galicia para responder como un executivo e tentar defender acadamente os intereses dos afectados e do propio país. É certo que as competencias en tráfico marítimo son do Goberno Central, pero o executivo galego debería ter iniciativa, en base as súas competencias sobre o litoral, o medio mariño, en medio ambiente, en pesca e nos portos, para garantir e prever, na medida do posible, que catástrofes como estas non se produciran, e que en todo caso esixir do Estado, e tomar as decisións propias para que en Galiza se contase cos mellores medios e técnicos para combatilas. O ocorrido nesta ocasión pon de manifesto que nin siquer nos medios para combatir as catástrofes estamos coas dotacións acaidas. Remolcadores insuficientes e que mesmo teñen base noutros portos, empresas e técnicos de fora, material que tamén ven de fora, non hai medios nin barcos para combatir a catástrofe no mar, carecemos de plans de emerxencia, de organismos e medios de información fiables, etc, evidencian ata que punto a Xunta “descansa” e carece de iniciativa. **As consecuencias están á vista e dende logo supoñemos que de alguen será a responsabilidade.** Está claro que hai que reclamar todas as responsabilidades que sexan precisas nos distintos ámbitos internacionais e penais, pero xa vai sendo hora que por parte das Administración



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Española e Galega se abandone o descansar as responsabilidades, unicamente, nos implicados directamente e que en todo caso os organismos xurisdiccionais competentes dirimirán, sexa país de orixe ou destino, sexa armador, sexa capitán, etc. **Nas administración públicas españolas e galegas existen responsabilidades claras de acción e de omisión para adoptar, reclamar e controlar as medidas para tentar evitar estas catástrofes en Galiza, e para contar cos medios acaídos para combatilas cando estas se producen.**


O comportamento da Xunta e do seu presidente, ante unha situación de emerxencia, foi o de non facer fronte as súas responsabilidades. **Tratase de dúas Institucións do Poder Galego que teñen por obriga legal a defensa dos intereses de Galiza (Artigo 1º.2 do EA), e que nesta ocasión non respostaron a ese mandato.** Ausencia da dirección da catástrofe, desinformación a cidadanía, caos na xestión da catástrofe, datos e información contradictorios e que non se axustan a verdade, incapacidade para dispor un operativo para combatir a catástrofe, nunha situación de emerxencia frivolidade no comportamento público, abandono das responsabilidades nos momentos críticos, e poderíamos estender á carencia de decisións que se tiñan que ter adoptado e a outras que si se adoptaron totalmente improcedentes que poñen ao descuberto unha xestión totalmente negligente da catástrofe.

As consecuencias da nefasta xestión política da catástrofe, é a que foi convertindo a impotencia da cidadanía, en raiba e indignación. O Presidente da Xunta non foi quen de exercer o liderazgo e a dirección da resposta e coordinar, dirixir e no seu caso esixir, de todos os organismos e poderes con competencias, un funcionamento acaído coa magnitude que a emerxencia requeria. Lonxe dun comportamento como



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presidente, abandonou as súas responsabilidades nunhas circunstancias de catástrofe nacional, tivo un comportamento frívolo e de minimizar as consecuencias do ocorrido. Eso motivou que no seu momento o **BNG pedira a súa dimisión**, que seguimos a reiterar.


O comportamento do Presidente da Xunta é para o GP do BNG profundamente censurable como para pedir primeiro a súa dimisión e tamén en sede parlamentaria a súa reprobación a través duna **moción de censura**. **Ese é o obxectivo fundamental desta iniciativa.**

Os artigos 137, e 138 do Regulamento do Parlamento de Galiza, que concretan o desenvolvemento da petición de responsabilidades ao Presidente da Xunta contemplada nos artigos 10º.1.e, 15º.4, e 17 do Estatuto de Galiza, establecen a necesidade de propor un candidato alternativo, xunto coa **moción de censura**. Aos efectos do cumprimento desa norma, os abaixo asinantes **propoñemos como candidato** ao deputado **Xosé Manuel Beiras Torrado**.

Santiago de Compostela, 4 de Decembro de 2002

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal.



P. P. Negro

Asdo.: Maria Pilar Garcia Negro.

Trigo Durán

Asdo.: Francisco Trigo Durán.

Bautista

Asdo.: Bautista Alvarez Domínguez.

Glaia

Asdo.: Glaia Fernández Davila.

Alberte X. Rodríguez Feixóo

Asdo.: Alberte X. Rodríguez Feixóo.

Xosé Henrique Rodríguez Peña

Asdo.: Xosé Henrique Rodríguez Peña.

Emilio López Pérez

Asdo.: Emilio López Pérez.

Eduardo Gutiérrez Fernández

Asdo.: Eduardo Gutiérrez Fernández.

Domingos Merino Mejuto

Asdo.: Domingos Merino Mejuto.

Xesús Veiga Buxán

Asdo.: Xesús Veiga Buxán.

Tereixa Novo Arrojo

Asdo.: Tereixa Novo Arrojo.

Xosé Díaz Díaz

Asdo.: Xosé Díaz Díaz.

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira.

Mª Salomé Álvarez Blanco

Asdo.: Mª Salomé Álvarez Blanco.

Bieito Lobeira Domínguez

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez.



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727